

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. DATOS DO CENTRO.....	3
3. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO.....	4
4. TIPOS DE FAMILIAS.....	5
5. ALUMNADO.....	5
6. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	6
PROFESORADO:.....	6
ORGANOS DE GOBERNO:.....	7
7. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN.....	8
8. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS.....	9
9. OBXECTIVOS PRIORITARIOS.....	9
10. MEDIDAS PRIORITARIAS.....	9
11. CARACTERÍSTICAS SINGULARES.....	10
OFERTA EDUCATIVA:.....	10

1. INTRODUCCIÓN.

En Outubro do ano 1927, *El Correo Gallego* publica un número extraordinario que recollía unha boa nova para os ferroláns e as ferrolás: inaugurábase o Instituto de Ensino Medio. Pasaron noventa e tres anos desde que algúns e algunhas pensaran que Ferrol tiña que ter un centro onde estudaran os e as máis xoves. Neste número pódense ler algúns artigos coas opinións de intelectuais da nosa cidade como **Matías Usero Torrente**, que contaba tódalas dificultades que houbo que superar. Dificultades que se orixinan pola incompetencia administrativa pero tamén porque algunhas mentes malpensantes non crían que fora posible acadar a **Utopía**. Ese escepticismo actuaba en contra das persoas que estaban empeñadas en traer para a cidade un Instituto. Tampouco faltaron os e as ingratas que sospeitaban das boas intencións dos e das que loitaban con todas as súas forzas para mellorar a vida académica de Ferrol. Don Matías Usero foi un ferrolán que camiñou contra o vento. A súa concepción dun catolicismo avanzado choca cunha Igrexa ancorada no pasado. Foi un republicano de mente aberta que defenderá coa súa morte as liberdades. Neste artigo di: *"Que nuestro Instituto sea un modelo y nadie pueda decir, con justicia, que en él se comete la menor injusticia, ni se cotiza el favor, la recomendación y el nepotismo. Pensamos seriamente en crear, ahora, el alma, pura y grande, de nuestro Instituto. Unos pocos hombres nos han entregado, vestido y limpio el cuerpo, infundemos entre todos, un alma inmortal."*

Outro colaborador que asina coas iniciais M.R. ve no novo centro o espírito que debe presidir a escola pública: "Igualdade e tolerancia".

"... por eso, sin duda, al Instituto concurrirán como alumnos niños en verdadera camaradería desde la clase elevada a la humilde que con el roce harán que allí reine verdadera Democracia"

Na mesma páxina Elvira Novo García recorda a unha alumna, que comezando o bacharelato en A Coruña vaine rematar no Instituto de Ferrol. Será a primeira ferrolá con título de Bacharel.

Adolfo Torrado Estrada pregunta no seu artigo:

"¿Por qué razón habían de emigrar los rapaces a otras capitales para buscar quién juzgase su cultura?".

Estas reflexións facíanas algúns e algunhas ferroláns e ferrolás en 1927 para congratularse por ter traído á súa cidade un centro de Ensino Medio. Eran mentes abertas que tiñan fe nun futuro distinto para ós seus fillos e as súas fillas. Este talante aínda nos sorprende máis se nos damos conta que estamos a falar da España da ditadura de Primo de Rivera. Non eran bos tempos para os que estaban empeñados en defender as liberdades. De tódalas maneiras conseguiron a Utopía e o edificio que albergara o cárcere transfórmasen nun centro escolar, edificio no que desde ese momento a represión sería substituída pola educación.

As persoas impulsoras do Instituto danlle o nome dunha ferrolá ilustre "Concepción Arenal", pensadora que tanta importancia dera á instrución dos máis xoves.

A este centro foron chegando xeracións de ferroláns e, na década dos anos 40, nun Ferrol que conta con 70000 habitantes, aquel edificio quedaba pequeno e houbo que buscar outro espazo. O actual edificio abre as súas portas no curso 1946-47. Polas aulas do "Concepción Arenal" pasarán persoeiros que sobresaíron e sobresaen en distintas facetas. Así, desde a primeira muller matriculada, Victoria Eugenia Noguero, Gregorio Baudot Mansilla, primeiro expediente do centro e eminente músico da nosa cidade, José Rubia Barcia, escritor e intelectual, Constantino Lobo Montero e José Gabeiras Montero, militares, Raúl Morodo Leoncio, diplomático e político, Álvaro Rodríguez Bereijo, ex-presidente do Tribunal Constitucional, Xaquín Marín Formoso, humorista, Xabier Alcalá, escritor que recollerá parte da nosa historia nesa inesquecible e fermosa novela titulada *A Nosa Cinza*. Moitos outros alumnos e alumnas, pasado o tempo, exerceron e exercen o seu maxisterio neste Instituto.

Durante moitos anos foi o único Instituto da cidade. Nel desenvolvéronse outras actividades que foron un importante complemento na educación dos alumnos. Nos anos cincuenta representábase cada ano unha obra teatral na que formaban parte do elenco de actores os alumnos, dirixidos polo Catedrático de Literatura Victorino López.

Máis adiante, o Instituto albergará o primeiro Cine Club da cidade da man da Asociación de Antigos Alumnos, converténdose no verdadeiro foro de debate de Ferrol, que viña a substituír a falta de liberdade de expresión daqueles anos.

Merecen unha mención especial as competicións deportivas nas que destacaron os alumnos e as alumnas do Instituto como o demostra a cantidade de trofeos que quedan nas nosas vitrinas.

Este pasado enlázase co novo plan de estudos. Fagamos votos para que poidamos pór en práctica os aspectos máis positivos da LOXSE e que teñamos a forza suficiente para combater ou rexeitar as trabas que nos impidan lograr aquel ensino co que soñaban os homes e mulleres de 1927.

(Introdución do PEC orixinal. Ano 1999).

2. DATOS DO CENTRO.

NOME: IES Concepción Arenal.

LOCALIZACIÓN: Rúa Cuntis, s/n, 15403 Ferrol, A Coruña.

<https://earth.google.com/web/data=Mj8KPQo7CiExektoaUFMY2JuQjN2dzVrOVpBVUJLVVFQVUJabDNJRmoSFgoUMDU3Qzk4RUl5ODEzNUU5Qku1Njk>

COMUNICACIÓN:

- a. **TELÉFONO:** 881930170.
- b. **CORREO ELECTRÓNICO:** ies.concepcion.arenal@edu.xunta.gal.

- c. PÁXINA WEB: <http://www.iesconcepcionarenal.es/>

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO.

- a) Socio-cultural: Ferrol é unha cidade e concello da provincia da Coruña, pertencente á comarca de Ferrolterra, terceira concentración urbana de Galicia, da cal é capital. Segundo o INE en 2019 tiña 66.065 habitantes, sendo a sétima cidade máis habitada de Galicia e a terceira da provincia.

Constitúe unha das cidades galegas máis importantes no eido industrial, cunha especial influencia do sector naval. Tamén conta cunha importante actividade das Forzas Armadas, principalmente da Armada Española, que ten dende o século XVIII unha das súas principais bases navais e un destacado Arsenal Militar.

O concello é unha península, aséntase de cara á ría de Ferrol, aínda que tamén conta cunha destacada fachada litoral cara ó océano Atlántico na zona rural. Limita por terra con Narón. Esa fachada marítima acolle algunhas das máis afamadas praias, como as asentadas nas parroquias de Doniños, San Xurxo, Ponzos ou Covas.

Ademais da cidade, o termo municipal comprende once parroquias rurais e a vila da Graña, considerada como zona urbana a efectos legais aínda que se atope no arrabalde. O concello ten unha densidade de poboación de 852,17 hab./km² e unha superficie de 82,6 km².

- b) Económico: No caso de Ferrol e da súa área de influencia é posible adaptar a base territorial ao seguinte modelo, coas seguintes consideracións básicas: O centro do modelo, especializado en servizos, con alta densidade de poboación e carácter urbano fórmalo o núcleo urbano de Ferrol, e a súa extensión cara Narón. Ese núcleo conta con importantes infraestruturas industriais, ao tratarse dunha cidade marítima, centradas no Porto de Ferrol e as instalacións de Navantia, aínda que as infraestruturas industriais para o desenvolvemento económico da área atópanse nun cinto industrial configurado polos principais polígonos industriais (zonas de Ferrol, Narón, As Pontes, Fene-Cabanas) e instalacións industriais difusas (en Narón e Mugardos, fundamentalmente). O círculo periférico está integrado basicamente por áreas de carácter rural con edificación dispersa e baixa densidade urbana. Nestas zonas conviven grandes áreas de valor ecolóxico (Fragas do Eume, Ría de Ortigueira, Lagoa de Valdoviño) con algunhas zonas de desenvolvemento industrial (As Somozas, fundamentalmente). Algúns municipios, debido á súa extensión, localízanse en zonas fronteirizas entre o anel industrial e o periférico, sobre todo o concello de As Pontes, con gran extensión territorial, un elevado nivel de renda por habitante e vinculado economicamente á central térmica de Endesa. Por outro

lado, no terceiro anel existen zonas residenciais con maior densidade de poboación como é o caso de Ares.

- c) Lingüístico: Ferrol pertence a unha área que ten a lingua castelá como maioritaria (área maioritariamente castelanfalante='so galego'+ 'máis galego' >30%—<50%), cunha ruptura importante da transmisión interxeracional da lingua galega o que provoca un maior problema para manter a lingua transmitida polos proxenitores na súa vida cotiá, xa que nesta área o grupo de persoas desgaleguizadas supera a importante cifra do +9%.

Se en xeral, no conxunto de Galicia, os resultados indican que a porcentaxe de persoas que declaran ser capaces de falar en galego nos concellos é moi alta, a porcentaxe de persoas con problemas para falar no idioma galego correspóndese coa cidade de Ferrol (i20,5%), sendo ademais o concello coa porcentaxe menor de monolingües en galego (12,2%).

4. TIPOS DE FAMILIAS.

Aínda que existe un número significativo de familias extensas nas que conviven tres xeracións distintas, a maioría de familias responden ás seguintes características:

- Familias nucleares nas que un matrimonio convive cos seus fillos, entre un e dous no caso das familias autóctonas e entre dous e tres entre as familias inmigrantes.
- Un número cada vez maior de familias monoparentais como consecuencia tanto dunha decisión persoal como froito da evolución social dos últimos anos.

5. ALUMNADO.

A realidade sociocultural da cidade da lugar a un alumnado relativamente homoxéneo, dentro da súa diversidade, cunha convivencia pacífica, con independencia da súa procedencia. Aínda así existen problemas puntuais de convivencia que esixen medidas de sensibilización e prevención así como a potenciación dunha cultura de xestión pacífica dos conflitos.

PROCEDENCIA DO ALUMNADO:

ESO:

Concello de residencia	Ares	Cabanas	Fene	Ferrol	Narón	Pontedeume	Valdoviño
1º	-	1/1,2%	1/1,2%	69/83,1%	12/14,5%	-	-

2º	-	-	1/1,2%	71/87,6%	8/10%	-	1/1,2%	
3º	1/1,1%	-	-	71/82,6%	11/12,8%	-	3/3,5%	
4º	-	1/1,1%	1/1,1%	70/77,8%	17/18,9%	1/1,1%	1/1,1%	
Nacionalidade	Brasileira	Chinesa	Colombiana	Española	Marroquí	Romanesa	Senegalesa	Venezolana
1º	-	1/1,2%	-	81/97,6%	-	1/1,2%	-	-
2º	-	-	1/1,2%	77/95,2%	1/1,2%	1/1,2%	1/1,2%	-
3º	-	-	1/1,2%	85/98,8%	-	-	-	-
4º	2/2,2%	1/1,1%	-	86/95,6%	-	-	-	1/1,1%

BACHARELATO:

Concello de residencia	Ares	Cedeira	Fene	Ferrol	Miño	Narón	Neda	Ortigueira	Pontedeume	Pontes, As	San Sadurniño	Valdoviño
1º	5 2,3%	5 2,3%	7 3,2%	131 60%	3 1,4%	36 16,5%	4 1,8%	2 0,9%	4 1,8%	3 1,4%	6 2,7%	12 5,5%
2º												
Nacionalidade	Brasileira		Chilena			Cubana			Española			
1º	1 0,5%		1 0,5%			-			216 99%			
2º	-		-			1			187 99%			

6. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.**PROFESORADO:**

O cadro de persoal docente conta con 81 profesores e profesoras, encadrado nos seguintes departamentos didácticos:

- Artes plásticas.
- Ciencias naturais.

- Economía.
- Educación física e deportiva.
- Familia profesional química.
- Filosofía.
- Física e química.
- Formación e orientación laboral.
- Francés.
- Grego.
- Inglés.
- Latín. Lingua castelá e literatura.
- Lingua galega e literatura.
- Matemáticas.
- Música.
- Relixión.
- Tecnoloxía.
- Xeografía e historia .

Así mesmo, existen os departamentos de:

- Actividades complementarias e extraescolares.
- Orientación.

ORGANOS DE GOBERNO:

Órganos unipersoais:

O **equipo directivo** está composto por:

Un director ou directora.

Un vicedirector ou vicedirectora.

Un xefe ou unha xefa de estudos de diurno.

Un xefe ou unha xefa de estudos de nocturno.

Un secretario ou unha secretaria.

Os órganos colexiados:

Claustro: formado por todo o profesorado do centro.

Consello escolar, formado por:

O director ou directora, que é o seu presidente.

O xefe ou xefa de estudos, e o xefe ou xefa de estudos de nocturno.

Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o instituto.

Sete representantes do profesorado elixidos polo claustro.

Tres representantes dos pais ou nais de alumnos.

Catro representantes do alumnado.

Un representante do persoal de administración e servizos.

O secretario ou secretaria do instituto, que actuará como secretario/a do consello, con voz, pero sen voto.

Dentro do Consello Escolar creáronse:

1. Comisión Económica.

2. Comisión de convivencia.

Outros órganos:

a) Comisión de coordinación pedagóxica, integrada polo director ou directora, que é o seu presidente, o xefe ou xefa de estudos e o xefe ou xefa de estudos de nocturno, os/as xefes/as de departamento, o/a coordinador/a do equipo de normalización lingüística, o profesor ou profesora de apoio a alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais e, de se-lo caso, o/a coordinador/a de formación en centros de traballo; actuará como secretario un membro da comisión, designado polo director ou directora, oídos os restantes membros.

b) Coordinador ou coordinadora de formación en centros de traballo.

c) Equipo de normalización lingüística.

7. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS.

O centro ten unha relación de colaboración cos seguintes organismos e institucións:

- i. Co concello co que colabora en aspectos fundamentalmente culturais e deportivos: actividades extraescolares, competicións deportivas, uso de instalacións, etc.
- ii. Cos tres colexios de E. Primaria que están adscritos ao centro (Colexios concertados Belén e Ludy e o CEIP Recimil). Existe unha colaboración que coordinan os departamentos de orientación dos diversos centros. Todos os cursos celébrase unha xornada de recepción e visita ao centro para o alumnado de 6º de EP. Tamén se realiza co colexio Ludy unha actividade anual de sendeirismo.
- iii. Con institucións universitarias con programas de formación de profesorado (Master de profesorado), orientación académica, formación do alumnado (STEMBACH), conferencias, etc.
- iv. Con entidades sociais (Secretariado Xitano, Acción Familiar), que promoven programas de apoio e integración.

- v. Con empresas e institucións no desenvolvemento dos módulos de FCT dos ciclos formativos.
- vi. Con centros académicos e institucións de diversos países, no marco dos programas europeos.
- vii. Coa coordinadora de equipos de normalización lingüística de Ferrolterra, participando e colaborando coas súas actividades e propostas.
- viii. Con asociacións culturais, deportivas e sociais do entorno.

8. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS.

O IES Concepción Arenal é un centro público que aposta polos valores e principios de:

- Tolerancia.
- Solidariedade.
- Convivencia e xestión pacífica dos conflitos.
- Respecto á diversidade apostando pola pluralidade lingüística, relixiosa e cultural dos distintos pobos.
- Pluralismo ideolóxico e principios democráticos.
- Igualdade de sexos.

9. OBXECTIVOS PRIORITARIOS.

- a. Favorecer a convivencia deseñando unha serie de medidas:
 - De sensibilización.
 - Preventivas.
 - Organizativas.
 - Curriculares.
- b. Dar resposta á diversidade existente establecendo todas as medidas necesarias para atender á toda a poboación escolar facendo especial fincapé no alumnado con maiores dificultades.
- c. Establecer medidas para acadar un funcionamento áxil e eficaz das titorías e establecer un plan de comunicación e colaboración coas familias.

10. MEDIDAS PRIORITARIAS.

- a. Deseño de medidas de sensibilización, preventivas, organizativas e curriculares para favorecer a convivencia.
- b. Deseño e organización de medidas de atención á diversidade:
 - Grupos de adquisición das linguas, para o alumnado inmigrante con dificultades nunha ou nas dúas linguas.
 - Programas específicos personalizados para alumnado repetidor.
 - Programas de reforzo das competencias básicas.
- c. Plan de coordinación e reforzo das titorías.

d. Desenvolver un Plan de comunicación.

11. CARACTERÍSTICAS SINGULARES.

OFERTA EDUCATIVA:

- ESO (32 horas semanais):

	MATERIAS COMÚNS	MATERIAS OPTATIVAS
1º ESO	1ª Lingua estranxeira: Inglés (3). 2ª Lingua estranxeira: Francés (2). Bioloxía e Xeoloxía (4). Educación Física (2). Educación plástica, visual e audiovisual(2). Lingua castelá e literatura (4). Lingua galega e literatura (4). Matemáticas (5). Relixión ou Valores Éticos (1). Xeografía e Historia (3). Titoría (1).	<i>Elixir unha (1):</i> Programación Reforzo e/ou ampliación de Matemáticas Reforzo e/ou ampliación de Inglés
2º ESO	1ª Lingua estranxeira: Inglés (3). 2ª Lingua estranxeira: Francés (2). Educación Física (2). Física e Química (3). Lingua castelá e literatura (3). Lingua galega e literatura (3). Matemáticas (5). Música (2). Relixión ou Valores Éticos (1). Tecnoloxía (3). Xeografía e Historia (3). Titoría (1)	<i>Elixir unha(1):</i> Reforzo e/ou ampliación de Matemáticas Reforzo e/ou ampliación de Inglés
3º ESO	1ª Lingua estranxeira: Inglés (3). Bioloxía e Xeoloxía (2). Educación Física (2). Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2) Física e Química (2). Lingua castelá e literatura (3). Lingua galega e literatura (3). Música (2). Relixión ou Valores Éticos (1) Tecnoloxía (2). Xeografía e Historia (3). Titoría (1).	<i>Elixir unha(4):</i> Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas. Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas.
		<i>Elixir unha(2):</i> 2ª Lingua estranxeira: Francés Cultura Clásica

	MATERIAS COMÚNS	MATERIAS TRONCAIS	
4º ESO ENSINANZAS ACADÉMICAS	1ª Lingua estranxeira: Inglés(3). Educación física(2). Lingua castelá e literatura(3). Lingua galega e literatura(3). Matemáticas orientadas ás	<i>Elixir unha de cada bloque(3+3)</i>	
		Bioloxía e Xeoloxía	Física e Química
		Economía	Latín
		MATERIAS ESPECÍFICAS	
		<i>Elixir unha de cada bloque(3+3)</i>	

	ensinanzas académicas(4). Relixión ou Valores Éticos(1). Xeografía e Historia(3). Titoría (1).	Cultura Científica. Cultura Clásica. Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Música. Tecnoloxías da Información e a Comunicación.	2ªLingua estranxeira: Francés. Artes Escénicas e Danza. Filosofía. Tecnoloxía.
--	---	--	---

	MATERIAS COMÚNS	MATERIAS TRONCAIS
4º ESO ENSINANZAS APLICADAS	1ªLingua estranxeira:Inglés(3). Educación física(2). Lingua castelá e literatura(3). Lingua galega e literatura(3). Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas(4). Relixión ou Valores Éticos(1). Xeografía e Historia(3). Titoría (1).	Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional (3). Iniciación á Actividade Emprendedora e Profesional(3) Tecnoloxía (3).
		MATERIAS ESPECÍFICAS
		<i>Elixir unha (3).</i>
		Cultura Científica. Cultura Clásica. Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Música. Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

- BACHARELATO (32 horas semanais):

○ **1ºBACHARELATO:**

MATERIAS COMÚNS A TODAS AS MODALIDADES				
Educación física (2)	Filosofía (3)	Lingua castelá e literatura I (3)	Lingua galega e literatura I (3)	Lingua estranxeira: Inglés I ou Francés I (3)

▪ **BACHARELATO ARTES.**

TRONCAL OBRIGATORIA	TRONCAIS DE OPCIÓN	
Fundamentos da arte I (4).	Cultura audiovisual I (4).	<i>Elixir unha (4):</i> Historia do mundo contemporáneo. Literatura universal.

ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN			
ITINERARIO 1	Debuxo artístico I (3).	<i>Elixir unha (3):</i> Linguaxe e práctica musical. Volume.	
ITINERARIO 2	Debuxo artístico I (3).	Tecnoloxías da información e a comunicación (2h).	<i>Elixir unha (1):</i> Relixión. Reforzo inglés.

▪ **BACHARELATO CIENCIAS.**

TRONCAL OBRIGATORIA	TRONCAIS DE OPCIÓN	
Matemáticas I (4).	<i>Elixir un bloque (4+4):</i>	
	<i>BLOQUE 1</i>	BLOQUE 2

	Bioloxía e xeoloxía. Física e química.	Debuxo técnico I. Física e química.
--	---	--

ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN			
ITINERARIO 1	Anatomía aplicada (3).	<i>Elixir unha (2):</i> Cultura científica. Francés I. Italiano I. Tecnoloxías da información e a comunicación I.	<i>Elixir unha (1):</i> Relixión. Reforzo inglés.
ITINERARIO 2	Tecnoloxía industrial I (3).	<i>Elixir unha (2):</i> Cultura científica. Francés I. Italiano I. Tecnoloxías da información e a comunicación I.	<i>Elixir unha (1):</i> Relixión. Reforzo inglés.
ITINERARIO 3	Tecnoloxía industrial I (3).	Robótica (2)	Relixión (1)
ITINERARIO 4	Tecnoloxías da información e a comunicación I (3).	<i>Elixir unha (2):</i> Cultura científica. Francés I. Italiano I	<i>Elixir unha (2):</i> Antropoloxía. Deseño asistido por computador. Reforzo inglés. Taller de experimentos.
ITINERARIO 5	<i>Elixir unha (4):</i> Bioloxía e xeoloxía. Debuxo técnico I. Economía.	<i>Elixir unha (2):</i> Cultura científica. Francés I. Italiano I. Tecnoloxías da información e a comunicación I.	

- **BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS.**
 - **ITINERARIO DE CIENCIAS SOCIAIS.**

TRONCAL OBRIGATORIA	TRONCAIS DE OPCIÓN	
Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I (4).	Economía (4).	<i>Elixir unha(4):</i> Historia do mundo contemporáneo. Literatura universal.

ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN			
ITINERARIO 1	Linguaxe e práctica musical (3).	<i>Elixir unha (2):</i> Cultura científica. Francés I. Italiano I.	<i>Elixir unha (1):</i> Relixión. Reforzo inglés.
ITINERARIO 2	Tecnoloxías da información e a comunicación I (2).	<i>Elixir unha (2):</i>	<i>Elixir unha (2):</i>

		Cultura científica. Francés I. Italiano I.	Antropoloxía. Ciencias políticas e socioloxía. Reforzo inglés .
ITINERARIO 3	Historia do mundo contemporáneo (4).	<i>Elixir unha</i> (2): Cultura científica. Francés I. Italiano I	

• **ITINERARIO DE HUMANIDADES.**

TRONCAL OBRIGATORIA	TRONCAIS DE OPCIÓN	
Latín I (4).	<i>Elixir unha materia de cada bloque (4+4):</i>	
	<i>BLOQUE 1</i> Economía. Grego I. Historia do mundo contemporáneo.	<i>BLOQUE 2</i> Historia do mundo contemporáneo. Literatura universal

ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN			
ITINERARIO 1	Linguaxe e práctica musical (3).	<i>Elixir unha</i> (2): Cultura científica. Francés I. Italiano I.	<i>Elixir unha</i> (1): Relixión. Reforzo inglés.
ITINERARIO 2	Tecnoloxías da información e a comunicación I (2).	<i>Elixir unha</i> (2): Cultura científica. Francés I. Italiano I.	<i>Elixir unha</i> (2): Antropoloxía. Ciencias políticas e socioloxía. Reforzo inglés .
ITINERARIO 3	<i>Elixir unha</i> (4): Economía. Historia do mundo contemporáneo.	<i>Elixir unha</i> (2): Cultura científica. Francés I. Italiano I	

○ **2ºBACHARELATO:**

MATERIAS COMÚNS A TODAS AS MODALIDADES			
Historia de España (3).	Lingua castelá e literatura II (3).	Lingua galega e literatura II (3).	Lingua estranxeira: Inglés II (3).

▪ **BACHARELATO ARTES.**

TRONCAL OBRIGATORIA	TRONCAIS DE OPCIÓN		
Fundamentos da arte II (4).	<i>Elixir un bloque (4+4):</i>		
	Cultura audiovisual II. Deseño.	Artes escénicas. Deseño.	Artes escénicas. Cultura audiovisual II.

ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN			
	<i>Elixir unha materia de cada bloque (6):</i>		
ITINERARIO 1	BLOQUE 1 Técnicas de expresión gráfico-plástica (3). Historia da música e da danza (3).	BLOQUE 2 Debuxo artístico II (3). Imaxe e son (3).	BLOQUE 3 Deseño 3D (2). Literatura galega do S. XX e da actualidade (2h). Reforzo inglés (2h). Relixión (1) + Reforzo inglés (1).
ITINERARIO 2	Historia da filosofía (4).		

▪ **BACHARELATO CIENCIAS.**

TRONCAL OBRIGATORIA	TRONCAIS DE OPCIÓN		
	<i>Elixir un bloque (4+4):</i>		
Matemáticas II (4).	BLOQUE 1 Bioloxía. Química.	BLOQUE 2 Debuxo técnico II. Física.	BLOQUE 3 Física. Química.

ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN			
	<i>Elixir unha materia de cada bloque (8):</i>		
	BLOQUE 1	BLOQUE 2	BLOQUE 3
ITINERARIO 1	Bioloxía (4). Debuxo técnico II (4). Física (4). Historia da filosofía (4). Química (4). Xeoloxía (4).	Ciencias da terra (3). Francés II (3). Imaxe e son (3). Italiano II (3). Psicoloxía (3).	Relixión (1). Reforzo inglés (1).
ITINERARIO 2	Ciencias da terra (3). Psicoloxía (3). Tecnoloxía industrial II (3). Tecnoloxías da información e a comunicación II (3).	Francés II (3). Imaxe e son (3). Italiano II (3). Psicoloxía (3).	Deseño 3D por computador (2). Electrotecnia (2). Métodos estatísticos e numéricos (2). Reforzo inglés (2).

▪ **BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS.**

• **ITINERARIO DE CIENCIAS SOCIAIS.**

TRONCAIS OBRIGATORIAS	TRONCAIS DE OPCIÓN
Historia da filosofía (4). Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II (4).	<i>Elixir unha (4):</i> Economía da empresa. Historia da arte. Grego II. Xeografía.

ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN			
	<i>Elixir unha materia de cada bloque (8):</i>		
	BLOQUE 1	BLOQUE 2	BLOQUE 3

ITINERARIO 1	Fundamentos de administración e xestión (3). Historia da música e da danza (3). Imaxe e son (3). Psicoloxía (3).	Francés II (3). Italiano II (3). Psicoloxía (3). Tecnoloxías da información e a comunicación II (3).	Ética e filosofía do dereito (2). Literatura galega do S. XX e da actualidade (2). Métodos estatísticos e numéricos (2). Reforzo inglés (2). Relixión (1)+ Reforzo inglés (1).
ITINERARIO 2	Economía da empresa (4). Historia da arte (4). Xeografía (4).	Francés II (3). Italiano II (3). Psicoloxía (3). Tecnoloxías da información e a comunicación II (3).	Relixión (1). Reforzo inglés (1).

• **ITINERARIO DE HUMANIDADES.**

TRONCAIS OBRIGATORIAS	TRONCAIS DE OPCIÓN
Historia da filosofía (4). Latín II (4).	<i>Elixir unha (4):</i> Economía da empresa. Historia da arte. Grego II. Xeografía.

ESPECÍFICAS E DE LIBRE CONFIGURACIÓN			
	<i>Elixir unha materia de cada bloque (8):</i>		
	<i>BLOQUE 1</i>	<i>BLOQUE 2</i>	<i>BLOQUE 3</i>
ITINERARIO 1	Fundamentos de administración e xestión (3). Historia da música e da danza (3). Imaxe e son (3). Psicoloxía (3).	Francés II (3). Italiano II (3). Psicoloxía (3). Tecnoloxías da información e a comunicación II (3).	Ética e filosofía do dereito (2). Literatura galega do S. XX e da actualidade (2). Métodos estatísticos e numéricos (2). Reforzo inglés (2). Relixión (1)+ Reforzo inglés (1).
ITINERARIO 2	Economía da empresa (4). Historia da arte (4). Xeografía (4).	Francés II (3). Italiano II (3). Psicoloxía (3). Tecnoloxías da información e a comunicación II (3).	Relixión (1). Reforzo inglés (1).

- **CICLOS FORMATIVOS:**

O IES Concepción Arenal imparte ciclos formativos pertencentes á familia profesional química.

- **Operacións de laboratorio - MQUI02 .**

As aprendizaxes deste ciclo son realizar tomas de mostras, ensaios de materiais, análises fisicoquímicas, químicas e biolóxicas, aplicando procedementos normalizados e mantendo operativos os equipamentos e as instalacións de servizos auxiliares, consonte as normas de calidade e prevención de riscos laborais, e de protección ambiental.

Os ámbitos de traballo son empresas e laboratorios de diversos sectores onde cumpra tomar mostras, realizar ensaios físicos, fisicoquímicos, químicos e microbiolóxicos, e manter operativos os equipamentos e as instalacións auxiliares que se orienten ao control de calidade. Os principais sectores en que pode desenvolver a súa actividade son: industria química, nas áreas de almacén e laboratorio de control de calidade; outras industrias que requiran procesos fisicoquímicos, como son a agroalimentaria, farmacéutica, de construción, metalúrxica, mecánica, electrónica, téxtil, transformadora de plásticos e caucho, etc; laboratorios en xeral, de organismos públicos ou de empresas privadas.

MÓDULOS:

CURSO	MÓDULO	HORAS	PERÍODOS SEMANAIS
1º	Almacenamento e distribución no laboratorio	80	3
	Formación e orientación laboral	107	4
	Mostraxe e operacións unitarias de laboratorio	213	8
	Probas fisicoquímicas	187	7
	Química aplicada	240	9
	Seguridade e organización no laboratorio	133	5
2º	Empresa e iniciativa emprendedora	53	3
	Ensaio de materiais	123	7
	Formación en centros de traballo	410	
	Operacións de análise química	156	9
	Principios de mantemento electromecánico	105	6
	Servizos auxiliares no laboratorio	70	4
	Técnicas básicas de microbioloxía e bioquímica	123	7

○ QUÍMICA AMBIENTAL - S18002 .

As aprendizaxes deste ciclo son Organizar e xestionar os medios e medidas de protección ambiental. Inspeccionar e controlar instalacións para prevención e conservación do ambiente, analizar as mostras de afluentes e efluentes e propor e establecer as medidas correctoras necesarias.

Os ámbitos de traballo están relacionados co medio ambiente ligado á produción, depuración e control de calidade de contaminantes.

MÓDULOS:

CURSO	MÓDULO	HORAS	PERÍODOS SEMANAIS
1º	Control de emisións á atmosfera	110	4
	Control de residuos	130	5
	Depuración de augas	240	9
	Formación e orientación laboral	55	2
	Horas á disposición do centro	50	2
	Organización e xestión da protección ambiental	130	5
	Proxecto integrado	80	3
	Relacións no contorno de traballo	55	2
	Seguridade química e hixiene industrial	110	4
2º	Formación en centros de traballo	440	

- ENSINANZAS DE PERSOAS ADULTAS.
 - o **EDUCACIÓN SECUNDARIA DE PERSOAS ADULTAS (ESA).**

Dirixidas a todas as persoas adultas maiores de 18 anos que desexen obter o título de graduado en educación secundaria.

Excepcionalmente, poderán cursar estas ensinanzas persoas maiores de 16 anos que teñan un contrato de traballo ou estean en circunstancias excepcionais que lles impidan realizar estes estudos polo réxime ordinario.

Constan de catro módulos de duración cuadrimestral. Cada un organízase en tres campos de coñecemento: ámbito de comunicación, ámbito de sociedade e ámbito científico-tecnolóxico.

Ámbito de coñecemento	MÓDULOS			
	1º (Decembro a febreiro)	2º (Febreiro a xuño)	3º (Decembro a febreiro)	4º (Febreiro a xuño)
Comunicación	6	6	5	5
Lingua estranxeira	2	2	2	2
Científico-tecnolóxico	8	8	8	8
Social	3	3	4	4
Titoría	1	1	1	1
TOTAL	20	20	20	20

- BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS.

Destinado a todas as persoas adultas maiores de 18 anos que cumpran os requisitos académicos de acceso.

Excepcionalmente, poderán cursar estas ensinanzas persoas maiores de 16 anos que teñan un contrato de traballo ou estean en circunstancias excepcionais que lles impidan realizar os estudos de bacharelato polo réxime ordinario.

Estas ensinanzas poden cursarse en dous anos escolares, por curso completo, ou por materias de forma independente. Se se opta por cursar materias de forma independente, non se deberán superar os 32 períodos lectivos semanais.

○ **1º BACHARELATO:**

MATERIAS COMÚNS A TODAS AS MODALIDADES				
Educación física (2)	Filosofía (3)	Lingua castelá e literatura I (3)	Lingua galega e literatura I (3)	Lingua estranxeira: Inglés I ou Francés I (3)

MODALIDADE	TRONCAL OBRIGATORIA	TRONCAIS DE OPCIÓN
CIENCIAS	Matemáticas I (4).	<i>Elixir 2 materias (4+4):</i>
		Bioloxía e xeoloxía. Debuxo técnico I. Física e química.
CIENCIAS SOCIAIS	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I (4).	Economía Historia do mundo contemporáneo. Literatura universal.
HUMANIDADES	Latín I (4).	Grego I. Historia do mundo contemporáneo. Literatura universal.

ESPECÍFICAS		
<i>Elixir 2 (máximo 4 horas)</i>		
Materia troncal non cursada (4).	Cultura científica (2).	Relixión (1).
	Tecnoloxías da información e a comunicación I (2).	

○ **2º BACHARELATO:**

MATERIAS COMÚNS A TODAS AS MODALIDADES			
Historia de España (3).	Lingua castelá e literatura II (3).	Lingua galega e literatura II (3).	Lingua estranxeira: Inglés II (3).

MODALIDADE	TRONCAL OBRIGATORIA	TRONCAIS DE OPCIÓN
CIENCIAS	Matemáticas II (4).	<i>Elixir 2 materias (4+4):</i>
		Bioloxía. Debuxo técnico II. Física. Química. Xeoloxía.
CIENCIAS SOCIAIS	Historia da filosofía (4). Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II (4).	<i>Elixir 1 materia (4):</i> Economía da Empresa. Grego II. Historia da arte. Xeografía.

HUMANIDADES	Historia da filosofía (4). Latín II (4).	<i>Elixir 1 materia (4):</i> Economía da Empresa. Grego II. Historia da arte. Xeografía.
-------------	---	--

ESPECÍFICAS <i>Elixir 2 (máximo 6 horas)</i>		
Materia troncal non cursada (4).	Ciencias da terra e do medio ambiente (3).	Relixión (1). Reforzo de inglés (1).
	Psicoloxía (3).	Tecnoloxías da información e a comunicación II (3).
	Historia da música e da danza (3).	